

PAN PARA HOXE, FAME PARA MAÑÁ

Crónica da unión veciñal que paralizou un proxecto mineiro

“Os que traballaban alí din que si (que trouxo riqueza), pero o que non din é que aquilo o único que trouxo foi miseria para Touro e foi pan para hoxe e fame para mañá”. Así, categórica, pecha o debate sobre a antiga mina Elena Vázquez, propietaria dun establecemento de turismo rural no concello coruñés de Touro. Neste enclave, ao sur da provincia da Coruña, proxectouse hai xa máis de seis anos a reapertura dun complexo mineiro para a extracción de cobre, finalmente desbotada por unha declaración de impacto ambiental negativa que tardou máis tempo do desexado en ver a luz e que, aínda hoxe, segue pendente de ser confirmada polos tribunais.

A da loita contra a mina de Touro, que tamén afecta ao concello veciño do Pino, é unha historia de mobilización veciñal, de protesta social contra os intereses dunha corporación mineira que tentou impoñer os seus plans empresariais por riba da vontade maioritaria dos cidadáns, e tamén das limitacións legais á súa actividade.




A orixe desta historia remóntase a 2016. Despois de anos de dixomedixome e de máis fábulas ca certezas sobre a posible reapertura e ampliación das instalacións mineiras que entre 1973 e 1986 explotara a empresa Riotinto; os técnicos dunha nova compañía, Cobre San Rafael, foron vistos facendo sondeos e prospeccións polos concellos de Touro e O Pino, avaliando o posible reinicio desta actividade. Leiras nas que aparecían buratos, camiños municipais perforados supostamente sen permiso, fontes que secaban. Máis de cen inspeccións de este tipo documentadas. As primeiras demandas de información non tardaron en chegar aos concellos, que -nun anticipo do que sería a súa actitude nos anos seguintes- avalaron a actividade da empresa e concederon licencias para estas prospeccións incluso a posteriori de terse feito.

Pero, quen era Cobre San Rafael? Non é unha pregunta doada de responder. Esta sociedade dun único socio, constituída en xuño de 2016 cun capital de 3.000 euros, aparecía vinculada directamente a Explotaciones Gallegas, propietaria dos terreos da antiga mina de Touro e dos seus dereitos mineiros. Detrás desta pantalla de nova constitución axiña aparecerían novos nomes, xa que no 2017 entrarían na dirección de Cobres San Rafael membros de Atalaya Mining, unha compañía máis coñecida no sector, xa que é a encargada do complexo mineiro de Riotinto, en Huelva. Atalaya Mining é unha empresa cuxa actividade mineira se desenvolve unicamente en España, mais cotiza na bolsa de Londres e sitúa a súa sede fiscal en Chipre. Detrás do seu accionariado, como socio maioritario emerxe Trafigura, unha multinacional de Singapur de comercialización de materias primas que se ten consolidado como o comerciante privado de metais máis grande do mundo, con actividade nos cinco continentes, facturación milmillonaria e unha recua de escándalos e casos grises as súas costas. Coma un xogo de bonecas rusas, a historia da mina de Touro e O Pino esconde capa tras capa tras capa de actores e interesados.

No 2017, Cobre San Rafael presentaba unha petición formal para reiniciar a actividade mineira nos dous concellos, confirmando os temores duns veciños que demandaban información sobre as implicacións deste proxecto para o seu día a día. Estas chegaron, aínda que non da forma en que esperaban. Empresa e responsables municipais compareceron de forma conxunta ante a cidadanía para presentar as bondades desta iniciativa, que -aseguraban- ía permitir a creación de ata 400 empregos directos e un milleiro de eles indirectos. Maná caído do ceo para unha zona que, alén da actividade gandeira e da proximidade ao Camiño de Santiago, carece de dinamismo económico e, que co paso dos anos, acrecenta eivas como un severo envellecemento da súa poboación e a constante migración da xente nova cara ás cidades.

“Puxéronse do lado da empresa, que nin vota nin elixe aos alcaldes, e en contra dos veciños que si os elixen”, lamenta Isabel García, veciña da parroquia de Bama e unha das voceiras da Plataforma Mina Touro-O Pino NON, constituída a raíz da desatención das autoridades como xeito de protestar contra o proxecto mineiro. Os seus motivos para oporse á reapertura da mina? O máis directo: a proximidade da súa vivenda ás instalacións. “É o único que teño na miña vida. Traballei toda a miña puñetera vida para ter unha vivenda para que logo o día de mañá se teño que ir a unha residencia poder vendela e poder pagarme unha residencia. Agora esa vivenda non me vale un duro, porque ¿quen quere comprar unha casa ao lado dunha mina?”

Non obstante, axiña comezaron a darse voces de alarma ante os danos que podería causar o reinicio da actividade mineira. A anterior explotación, que estivo activa entre os anos 1973 e 1986, deixou as instalacións sen rexenerar e causou estragos no medio ambiente da contorna. Ríos con augas acedas, con concentracións de metais pesados. Balsas de lodos sen tratar. Acumulacións de escombros. Un contexto de non reparación que, décadas despois, aínda persegue á minaría en Touro e no Pino e que carrega consecuencias no día a día dos seus veciños. A estampa nestas localidades é tal que o maior núcleo habitado de Touro, Fonte Díaz, está na mesma ladeira da antiga mina e edificios públicos coma a gardaría, a residencia de anciáns ou a piscina municipal estaban separadas por só uns metros dunha balsa de lodos. En tempos máis recentes, esta balsa foi drenada -vertida aos ríos, denuncian os veciños-, enchida con escombros e asfaltada por riba no que se convertiu no primeiro polígono industrial do municipio. A día de hoxe, máis dunha década despois, só unha empresa está instalada nesa ubicación, unha nave solitaria entre cruces asfaltados, farolas que alumean para ninguén e vexetación que agroma sen que ninguén a coide.




No recinto da mina a día de hoxe pódense ver plantacións de eucalipto, especie alóctona que medra sen moito control por Galicia pola súa rendibilidade e rápido crecemento, explotacións de gando porcino ou unha fábrica de tecnosolos a base de lodos e outros residuos industriais. Toda unha serie de actividades económicas que se desenvolven na propiedade de Explotaciones Gallegas á espera de que un permiso público permita retomar o proceso mineiro.

Volvendo a esta causa, a contestación pública e a crecente indignación dos veciños pola -denunciaban- connivencia das institucións ca empresa derivou nunha serie de mobilizacións durante o ano 2018, que culminaron cunha gran manifestación en Santiago de Compostela no mes de xuño na que participaron milleiros de persoas. A presión popular foi forzando un clima de opinión contrario ao proxecto da mina e, poucos días despois, o entón conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde; cabeza visible do departamento responsable da tramitación do proxecto, saía a dicir que este era “inviabile” no xeito en que fora presentado.

Co tempo, irían aparecendo e facéndose os informes que xustificaban esta posición. Ata cinco diferentes, un de cada departamento do Goberno galego relacionado con cada unha das áreas nas que a reapertura da mina presentaba riscos ou deficiencias: Sanidade Animal, Montes, Saúde Pública, Patrimonio Natural e Augas de Galicia.

A propia Administración autonómica sinalaba nestes informes que os concellos de Touro e do Pino, así como os municipios limítrofes e a propia comarca de Santiago e da Ulloa, son zonas “especialmente gandeiras”, nas que a produción de carne, leite e derivados supoñen unha das principais fontes de ingreso na poboación. É facilmente observable cun simple paso pola zona: vivendas unifamiliares conforman pequenas aldeas nas que abundan os galpóns con teito de uralita para o gando. Explotacións tradicionais, familiares, de poucas reses e menos empregados, pero que vertebran unha infinidade de núcleos de poboación espallados polo territorio. Para eles, a mina era unha ameaza real, constatada en documentos oficiais, nos que se recollía -segundo a Xunta- que a reapertura da mina podería “afectar gravemente á gandaría” ante o risco de contaminación dos terrenos, que podería derivar nunha “intoxicación por cobre”

dos animais. Este mesmo informe fala da máis que esperable “destrución dos acuíferos que alimentan os pozos” da zona, da “contaminación química derivada da disolución e arrastre dos diferentes compostos químicos na auga da chuvia” ou da contaminación do aire, xunto con outros aspectos igualmente lesivos para a actividade gandeira.



Pan para hoxe, e fame para mañá. Supeditar novamente a vida e o xeito de subsistir de centos de persoas á actividade mineira. Outros documentos atopaban “difícilmente viable” que se puideran cumprir as promesas de rexeneración do terreo afectado, sinalaban que os usos previstos para o solo incluído na superficie da mina non incluían esa actividade ou prevían un “evidente prexuízo, de carácter permanente”, para os propietarios de explotacións forestais na contorna.

No eido económico, a proximidade das instalacións -escasos quilómetros en liña recta- ao itinerario do Camiño de Santiago supoñía outro inconveniente para a autorización do proxecto. Cada ano percorren esa ruta, o último tramo do Camiño Francés, o máis multitudinario de todas os vieiros xacobeos, centos de miles de peregrinos que comen, descansan, durmen e desfrutan do seu ocio nos concellos de Touro e no Pino. Mentres que neste último se ten disparado o número de hostais e albergues, critican os veciños de Touro, neste municipio non existen alternativas de aloxamento públicas nin privadas. Con todo, o impacto paisaxístico, as frecuentes voaduras e explosións derivadas da actividade mineira tamén eran percibidas como puntos en contra da reapertura polo seu previsible impacto no Camiño. En casos como o establecemento de Elena Vázquez, nomeada antes, os peregrinos chegan a ser o noventa por cen da actividade do seu negocio. Unha mínima alteración dos fluxos de visitantes podería rematar ca viabilidade do mesmo.

Por último queda o máis grave de todo. A afectación que a mina de Touro-O Pino podería ter na saúde pública. Nos documentos presentados pola empresa á Xunta para solicitar unha declaración de impacto ambiental positiva non se identificaba a poboación afectada pola actividade, nin existían plans de uso de auga ou se avaliaba unha posible contaminación por gas radón. Os plans de rehabilitación do entorno carecían de “información detallada” do sistema de control e tratamento das drenaxes acedás á rede de augas. En palabras dos propios técnicos do Goberno galego, a idea da empresa de depurar todas as augas empregadas “non se corresponde ca realidade” e as filtracións serían “inevitables”. Por todo isto, concluía Augas de Galicia noutro extenso texto, a documentación presentada por Cobre San Rafael resultaba “insuficiente e non adecuada para emitir, en base a ela, unha correcta valoración de todas as posibles afectacións”.

Hai quen podería tildar de catastrofistas estas afirmacións, pensar que as garantías legais son excesivas e van contra a promoción do emprego e a actividade industrial. Que a burocracia frea as ansias de progreso duns emprendedores. Mais un simple paseo polo concello de Touro serve para, polo menos, espertar os recelos dos máis devotos. As feridas da antiga mina seguen a sangrar sen que ninguén as suture. Ríos enteiros desapareceron ao ser usados como fonte de subministro para a anterior explotación. Outros viron modificados o seu curso, deixaron esmorecer o seu leito e foron canalizados en tuberías ou experimentaron alteracións antinaturais do seu caudal. Pero en todos eles se ve unha marca indeleble: a dos sedimentos do cobre. Cursos fluviais que, antes de achegarse á mina, flúen limpos e transparentes aparecen, só un cento de metros máis adiante, ca súa textura, cheiro e cor cambiados por completo. As antigas balsas seguen filtrando metais pesados e outros residuos aos acuíferos día tras día.



Os veciños denuncian que a propia empresa titular dos terreos intenta disimular a situación manipulando o pH dos ríos con cal para diminuír a súa acidez, mais isto redunda en manchas brancas e unha turbidez estrana. As pedras da ribeira dan testemuña da presenza do cobre cas súas cores pintadas de vermello oxidado alí onde as molla a auga. Poucos lugares son tan paradigmáticos desta alteración do curso natural destas correntes de auga coma a unión dos ríos Portapego e Lañas, os dous aflúentes do río Ulla, un dos principais ríos de Galicia, que delimita a fronteira entre A Coruña e Pontevedra e desemboca unha morea de quilómetros máis adiante formando a marisqueira e pesqueira ría de Arousa. Moito máis atrás, nunha pequena área recreativa fluvial na parroquia de Santaia (Touro) dúas das correntes desta conca conflúen. Unha delas, a principal, a do Lañas, chega fresca, transparente e repleta de vida. Entre unha auga cristalina pódense ver algas, vexetación, moreas de zapateiros e insectos propios dos ríos e, con sorte, ata algunha troita esquiva. Na súa ribeira medran salgueiros, ameneiros e tamén eucaliptos. O Portapego, porén, chega sen dar mostras de vida. Color óxido, sen sequera insectos que queiran beber das augas. As dúas correntes debuxan unha escena de beleza perturbadora. Dúas canles fluviais de sorte dispar que se atopan para facer o seu camiño xuntas.



O simple aspecto, ou a estética, non son baremos cos que determinar a salubridade dun río, mais as medicións comprobaban este relato ao amosar niveles de acidez diferentes e unha notoria presenza de metais pesados nas augas dos ríos que atravesan o territorio mineiro do Touro. Explotaciones Gallegas, como responsable das instalacións, foi condenada polas autoridades ao pago de indemnizacións de varias decenas de miles de euros polos seus vertidos contaminantes nestes cursos fluviais ao longo dos últimos anos.

Toda esta serie de adversidades non frenou o interese de Cobre San Rafael, o brazo instrumental de Atalaya Mining por reabrir o proxecto. Nos seus reportes trimestrales para o seu accionariado leva insistindo, dende hai anos, en que o proxecto de Touro “avanza con paso firme” - trasladaban en 2018, en plena polémica- e especulan incluso con actividades paralelas na mina, como a extracción de prata xunto co xacemento do cobre ou ca inminente reapertura das instalacións e inicio das obras pese a non contar con autorización de ningún tipo.

O proxecto planteado á Xunta falaba dunha iniciativa empresarial con catorce anos de vida, máis dous adicionais entre traballos de preparación e clausura das instalacións, que ocuparían preto de 700 hectáreas de terreno para a extracción a ceo aberto de material de cobre e o seu tratamento in situ. O volume de mineral que se planteaba sacar da mina de Touro-O Pino no seu tempo de actividade era de 102,74 millóns de toneladas mediante técnicas de perforación e voadura repartidas en dez ocos mineiros, seis principais e catro de menor entidade. De xeito adicional, planteábase a construción de diferentes oficinas, comedores, almacéns, laboratorios e naves para traballos auxiliares e de dúas balsas, unha cun dique de altura máxima de 81 metros e unha lonxitude de tres quilómetros, con 24 millóns de metros cúbicos de capacidade; máis outra de 50 millóns de metros cúbicos, cun dique de 55 metros de altura e case tres quilómetros de lonxitude.

Unhas balsas de semellante tamaño -apuntan dende a plataforma de veciños- non se corresponden coa actividade normal dunha instalación mineira como a planteada, con só catorce anos de concesión e o volumen de extracción xa comentado; senón que responden a un intento de sentar as bases para a extracción de cobre na contorna de Touro por varios anos máis e así sacar rédito da gran veta de cobre que se atopa nesta zona. Un *modus operandi*, abundan, semellante ao posto en práctica pola compañía noutros lugares e que, mediante o troceado dos seus plans, lles permite irse inserindo no territorio ata facerse indispensables para despois contar con carta branca para futuros plans de ampliación.

Con todo, o descontento dos veciños pasou das casas das aldeas ás rúas das cidades e chegou ata os despachos das institucións. Xunta, Goberno central e mesmo a Eurocámara atenderon a representantes da poboación de Touro e do Pino contrarios a este proxecto mineiro. Finalmente, a mobilización surtiu efecto e, en decembro de 2019, o Goberno galego, autoridade competente, emitiu unha declaración de impacto ambiental negativa que poñía fin ás aspiracións de Cobre San Rafael. Esta decisión foi recurrida pola empresa e, aínda hoxe, atópase no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) antes de ser confirmada definitivamente. As quince páxinas deste documento constatan os problemas anteriormente mencionados e falan dun “risco moi elevado” para a poboación e medio ambiente ligado á actividade mineira.



Mais este non é o fin da historia. “Pasa un tempo como de cinco anos e sintes como se non marcharan”, di Ana Neira, veciña de Loxo. O certo é que a mina de Touro, para a que non existe autorización legal alguna, permanece no entorno como unha preocupación máis. Os intereses da empresa seguen sendo os mesmos e o cobre non se moveu do seu xacemento. Dende hai anos, Cobre San Rafael patrocina os equipos de fútbol locais de Touro e do Pino, en categorías rexionais, mais tamén o fai ca SD Compostela, equipo de fútbol da capital galega que compite a nivel estatal portando no seu peito o logotipo desta compañía. Novamente, decenas de miles de euros invertidos ano tras ano en comprar vontades, en favorecer un clima de opinión propicio.

“Esta é a sociedade na que nos tocou vivir e hai xente á que lle dá igual a moral e a ética”, expón Isabel García, que sostén sen ápice de dúbida que, se non fora pola mobilización dos veciños, a mina estaría xa activa e tería superado sen problemas todos os trámites ambientais. Aínda así, non carga tintas contra os seus veciños e compañeiros. “Eles intentaron dende o principio crear focos de conflito, pero nós temos claro que este non é un problema entre veciños”, afirma. Tamén declara que hai xente que precisa traballar ou que ve con bos ollos a minaría malia os problemas detectados, pero nega que haxa “un enfrontamento social entre a xente”, senón que esta “é máis lista que os que intentan lanzar as mensaxes”.

O certo é que, aínda que o asunto xa enfriou respecto aos meses máis agrios da polémica, tanto no Pino coma en Touro son habituais as pancartas de “Mina NON” que se poden ver penduradas das fiestras das casas e que os partidarios do proxecto de momento ségueno a dicir coa boca pequena.

“De momento non saleu nada, e eu teño a confianza en que non vai saír. E se volven, aquí estaremos. Estivemos unha vez e volveremos estar se non morremos antes”, sentencia Ana Neira, propietaria de varias parcelas agrícolas, que salienta a experiencia adquirida en todo este proceso. De Touro a Bruxelas, pasando por Compostela e por Madrid. Coñecementos técnicos e legais que se foron adquirindo polo camiño. Redes de amizade tecidas entre veciños que non se coñecían e terminaron xuntándose por un obxectivo común. Unha historia inusual nos tempos

que corren, a da mobilización social autoorganizada e exitosa, pero que provisionalmente deu cun final feliz.

Agora que a actualidade non mete présa, a Plataforma -que integra gandeiros, funcionarios, hosteleiros e veciños de toda índole- organiza tamén charlas para fomentar o coñecemento da situación doutros territorios afectados pola minaría, en colaboración con ONG. No mes de maio, activistas de Centroamérica contarán as súas vivencias e denunciarán a súa situación en Touro; un municipio alonxado no xeográfico pero irmán na ameaza da explotación colonial, só salvado nesta ocasión pola prevalencia do Estado de dereito fronte ao interese lucrativo das grandes corporacións.



“Non queren un proxecto novo, porque lles dá igual que sexa novo ou vello. Eles o que queren é saírse ca súa co proxecto que teñen presentado”, conclúe Isabel García, que insiste en que o interese único da empresa é sortear os impedimentos legais e que para iso se vale de escusas coma as promesas de emprego. Un emprego -indica- que sería irreal para os concellos da contorna, posto que neles non existe a man de obra especializada que demandaría a instalación e tan só quedaría para a xente de Touro e do Pino unha pequena parte do reparto. “Se se crean eses vai significar que se van destruír outros moitos porque hai moitas actividades que se van ter que deixar de facer”, engade, antes de aludir a estudos que, só no ámbito da gandaría, calculaban en centos o número de postos de traballo que desaparecerían como consecuencia directa da mina.

De igual modo, Elena Vázquez, como propietaria dun local de restauración, califica de “patraña ben boa” a previsión dun aumento de consumo dos seus servizos por parte do personal da mina. “Donde van estar aloxados vai ser en Santiago, pero non van vivir en Touro ou no Pino porque eles saben moi ben que danos ocasiona unha mina”, afirma, antes de indicar que os actuais

enxeñeiros e técnicos de Cobre San Rafael xa non habitan no concello. “A mostra témola xa agora”, di.

Pan para hoxe e fame para mañá. É a expresión que máis se repite cando se fala con calquera das persoas contraías ao proxecto. A idea foi calando entre os veciños á espera de ver como se pecha definitivamente o caso, se é que algunha vez termina por pechar. Mentres tanto, quedan as lembranzas do intenso camiño andado. “¿Sabes o que aprendemos? Que non nos podemos fiar de ninguén, que hai que estar pendente de todo. Esa foi a lección”, narra Isabel García, que non oculta a súa felicidade por que “a xente aprendeu a protestar” e a que “non a poden pisar e que ten dereitos que se poden reclamar”.

“Non tes por que quedar na casa queixándote, ou no bar cos colegas, senón que tes que actuar. Tes que ir e esixir. E pelear. ¿É triste? Si. Porque non o deberíamos estar a facer, por suposto que non, pero é que ten que ser así”, relata Elena Vázquez, que tamén subliña a posta en común con outras asociacións e plataformas veciñais ao longo de todo este camiño. “Ou es ti o que te moves e esixes que se fagan as cousas que se teñen que facer ou non se van facer solas”, pecha.